



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA E REGULA A CARPETA PERSOAL DE SAÚDE

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co proxecto de Orde pola que se crea e regula a Carpeta Persoal de Saúde, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia outorga á comunidade autónoma competencias para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como para organizar e administrar todos os servizos relacionados con esta materia.

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a través do Servizo Técnico Xurídico, a tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recoñece á cidadanía diversos dereitos sanitarios, como é o dereito a coñecer toda a información dispoñible sobre a súa saúde ou o dereito a coñecer os requisitos de uso das prestacións e dos servizos de saúde en relación co seu proceso asistencial. Moi relacionado co cumprimento material deste dereito de información, esta mesma norma proclama o dereito á utilización de novas tecnoloxías da información e a comunicación para potenciar a interacción electrónica entre a cidadanía e o Sistema Público de Saúde de Galicia.

O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes recolle diversas medidas que teñen como fin contribuir ao desenvolvemento da sociedade da información e facilitar á cidadanía o acceso á información por medios electrónicos, entre outros.

2. Necesidade e oportunidade

Con este proxecto de orde trátase de dar sustento normativo a unha nova figura no eido das tecnoloxías da información como é a Carpeta Persoal de Saúde, que constitúe un espazo de almacenamento persoal de información, creado a petición da persoa usuaria que se manterá activo baixo a súa responsabilidade ou da persoa por ela autorizada. Trátase dun soporte dixital independente e completamente diferenciado da historia clínica electrónica, integrada por información identificativa da persoa



usuaria e pola que esta achegue, por dispositivos e aplicativos relacionados coa saúde, autocontrol do estado físico, adestramento, dietas, exercicio físico, monitorización de constantes ou rexistro de tratamentos, podendo incluírse tamén a xerada a iniciativa de profesionais ou centros sanitarios.

Nela préstase unha especial atención a determinados colectivos como son os menores de idade, respecto dos que serán os seus proxenitores ou titores legais os responsables de realizar todas aquelas xestións relacionadas coa súa saúde, e os incapaces e maiores, colectivo este último de especial interese nunha poboación netamente envellecida como é a galega. Respecto destes últimos, esta orde habilita mecanismos que permitirán xestionar a carpeta de saúde a aquelas terceiras persoas vencelladas con eles que sexan debidamente autorizadas.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia (en adiante, LOFAXGA)

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, -artigo 41.2 apartados a), b), d), da LOFAXGA-:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade do 27/05/2016
- Unha memoria económico-financeira do 27/05/2016
- Unha táboa de vixencias do 27/05/2016

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do anteproxecto regulamentario do 27/05/2016 asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da LOFAXGA).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, elaborou o preceptivo informe o día 27/05/2016 e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Sanidade o 27/05/2016 -artigos 41.2 c) e 41.3 da LOFAXGA-.

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse, a efectos de cumprimento da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e do artigo 41.4 da LOFAXGA, no Portal de transparencia e bo goberno, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da LOFAXGA). Non se recibiron suxestións a través do portal de Transparencia.



A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade emitiu o día 13/06/2016 o acordo de non necesidade de trámite de audiencia.

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiu o 06/09/2016, logo de requirimento e de ser elaborada unha memoria económica complementaria e unha addenda a ela con datas de 29/08/2016 e 05/09/2016 respectivamente.
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade do 18/07/2016.
- Informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 07/09/2016.
- Informe de Asesoría Xurídica do 14/09/2016

4. Estrutura do texto

O proxecto de orde consta de 7 artigos, que se refiren ao obxecto da creación e regulación da carpeta persoal de saúde, a súa definición, características, e solicitude de creación, a inclusión de contidos nela e o seu alcance, acceso á carpeta por outra persoa expresamente autorizada no caso de persoas menores de idade, incapacitadas, ou pacientes crónicos ou con limitacións propias da idade ou da enfermidade, sistemas e métodos de acceso e datos de carácter persoal.

Así mesmo, consta dunha disposición adicional relativa ás actualizacións dos formularios; unha transitoria, que dispón un prazo de seis meses para habilitar os mecanismos tecnolóxicos axeitados; e dúas derradeiras, no que atinxe ao desenvolvemento e entrada en vigor deste proxecto de orde.

5. Legalidade.

Nas memorias e informes que se xuntan ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación da presente iniciativa lexislativa aos principios de necesidade, proporcionalidade, simplicidade e eficacia recollidos no artigo 37 a) da Lei 14/2016, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico; así mesmo os principios de seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, tamén mencionados no dito precepto foron respectados en todo momento durante a tramitación da iniciativa lexislativa, que se axustou rigorosamente ao procedemento regulado nos artigos 40 e seguintes da LOFAXGA.

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte



PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2016

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo



Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, da Consellería de Sanidade, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2016

A secretaria xeral técnica



Josefina Monteagudo Romero